



## **CIRCULAR 105-2024**

### **XVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA TRAIL RUNNING – CARREIRAS DE MONTAÑA**

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o domingo 16 de xuño en Esgos, o Campionato Xunta de Galicia Trail Running - Carreiras de Montaña, coa colaboración do Concello de Esgos.**

**Art.2).- Poderán participar atletas, das categorías Sub 16 e superiores, con licenza en vigor pola FGA.**

**Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 10 de xuño do 2024.**

- Para ter dereito a camiseta, xantar, sorteos e ao premio polo récord da proba, é preciso inscribirse na proba popular en Carreiras Galegas.

**Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- A entrega realizarase nas inmediacións da casa consistorial do Concello de Esgos, dende as 9:00 horas ata 30' antes do inicio da proba.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.5).- Cámara de chamadas**

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

**Art.6).- Horario e lugar de saída:** ([perfis ao final do documento](#))

<b>APERTURA C. CHAMADAS</b>	<b>PECHE C. CHAMADAS</b>	<b>HORA SAÍDA</b>	<b>DISTANCIA</b>	<b>DESNIVEL</b>	<b>CATEGORÍAS</b>	<b>PECHE CONTROL</b>
10:00	10:20	<b>10:30</b>	17 km aprox	620 m + aprox	Sub 23, Sénior e Máster	13:30*
10:30	10:50	<b>11:30</b>	8,5 km aprox	370 m + aprox	Sub 18 e Sub 20	13:30*

\*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.

**Localización da saída:**

Casa consistorial do Concello de Esgos: <https://maps.app.goo.gl/QFtowbDyKfjVThSr5>



**Art.7).- Abastecementos:**

- A proba será en autosuficiencia, podendo levar consigo un sistema de hidratación, e non sendo permitida, polo tanto, a asistencia externa en ningún punto do percorrido.

**Art.8).- Premios**

- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos, Sub 20, Sub 23 e de cada unha das categorías Máster, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- Entregarase premio aos tres primeiros atletas masculinos e femininos clasificados da categoría Sub 18, da que tomarán parte atletas nados entre 2007 e 2010 (inclúe aos Sub 16).

**Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 22 de maio de 2024**

**Yolanda González Fernández**  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



**CIRCULAR**


Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500




**DEPORTE  
GALEGO**

### **Percorrido e perfil Carreira de Montaña Longa**



Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/255264>

### **Percorrido e perfil Carreira de Montaña Curta**



Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/255266>